



RESOLUCIÓN: ACTIVIDADES DEPORTIVAS PISCINA 2021

EXPEDIENTE: 2021/D002/000002

ANTECEDENTES

O Concello de Coristanco pretende a apertura das instalacións da piscina na tempada do verán 2021.

A estes efectos, en tanto non se aproba o regulamento da instalación, establécense unhas normas de uso e recomendacións para a convivencia e desfrute das instalacións en condicións de seguridade e salubridade.

Por todo o que antece, en uso das atribucións que me confire a Lei 7/19815, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes recomendacións e instrucións para o uso da piscinas:

1. Obxecto:

O presente decreto ten por obxecto a regulación hixiénico sanitaria da piscina de uso colectivo que ten a súa localización en A Rocheira, no Concello de Coristanco, así como o réxime de autorización e inspección das mesmas, sen prexuízo do que dispoñan outras normas que, con carácter concurrente, poidan serlles de aplicación.

2. Ámbito de aplicación:

O ámbito de aplicación do presente decreto esténdese á piscina de uso colectivo de titularidade municipal, sita no lugar de A Rocheira no Concello de Coristanco.

3. Criterios hixiénico sanitarios da instalación

Seguiranse os criterios hixiénicos sanitarios establecidos no capítulo III, artigo 12 , 13 e 14 do DECRETO 119/2019, do 19 de setembro , polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

4. Persoal

- 1) Como regra xeral, e facendo referencia ao capítulo IV no artigo 15 do DECRETO 119/2019, de 19 de setembro , polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, as piscinas de uso público deberán dispor como mínimo de unha persoa socorrista. No caso das piscinas con lámina de auga entre 500 e 1000 metros cadrados o número mínimo de socorristas será de dous. E no suposto de que a separación física entre os vasos que conforman a instalación da piscina non permita a súa vixilancia eficaz, será obrigatoria a presenza dunha persoa socorrista en cada un dos vasos.*
- 2) A titulación das persoas socorristas será a establecida no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o rexistro profesional dos socorristas acuático de Galicia ou normativa que o substitúa. A ausencia de inscrición en dito rexistro determinará o incumprimento da obrigaçión á que se*



refire o punto 1.

- 3) *A persoa socorrista permanecerá nas instalacións durante todo o tempo que se atope aberta ao público.*
- 4) *A persoa socorrista levará unha vestimenta axeitada, estará debidamente identificada durante todo o tempo que a piscina este aberta ao público.*

5. Elementos de seguridade nas instalacións

- 1) *Na piscina existirá obrigatoriamente un teléfono de comunicación inmediata cos servizos de urxencia.*
- 2) *Disporá dun botiquín que conteña como mínimo, desinfectante e antiséptico autorizado pola axencia española de medicinas e produtos sanitarios, gasas estériles, algodón hidrófilo, vendas, esparadrapo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas e luvas dun só uso.*
- 3) *As instalacións disporán de aros salvavidas, como elementos de seguridade necesarios para evitar ou minimizar o risco de afogamento e que complementen a actividade da persoa socorrista.*

6. Información ao público

1. *O aforo total da instalación é de 204 persoas. O afora do vaso grande será de 168 persoas e o do vaso pequeno de 36 persoas.*
2. *Prohíbese a entrada na instalación a persoas con **enfermedades infecto-contaxiosas**.*
3. *Obrigación de respetar en todo momento as **indicación do persoal e socorristas**.*
4. *Prohibido realizar **actos que perturben, molesten ou poñan en perigo** a outros usuarios, dificulten ou obstaculicen o desenvolvemento de actividades dirixidas, supoñan dano material para as instalacións ou afecten a hixiene en xeral.*
5. *Prohíbese o abandono de desperdicios dentro do recinto da instalación.*
6. *Non se emprestará material auxiliar e só se permitirá o uso persoal de material de flotación naqueles casos estritamente necesario.*
7. *Prohibido correr polo borde do vaso.*
8. *Prohibido tirarse de cabeza.*
9. *Prohíbese o acceso a menores de 8 anos bañarse sos e todo aquel menor que non saiba nadar.*
10. *Obrigatorio o uso do **gorro** de baño nas piscinas.*
11. *Prohíbese a entrada na zona do baño con calzado da rúa.*
12. *Obrigatorio o uso de **chanclas**.*
13. ***Prohíbese o paso de animais**. Excepto que se trate de cans guía.*
14. *Antes do baño será obrigatorio o uso das **duchas**, asegurándose o usuario de eliminar na mesma cremas, suciedades e restos que poidan quedar nos pés, antes de acceder ao vaso.*
15. *Prohíbese **comer, beber e fumar** na instalación salvo no espazo persoal localizado na zona de toallas.*
16. *Permítese o acceso de sillas de bebé ao recinto, pero prohíbese o paseo do mesmo polas instalacións. Deberá permanecer no seu perímetro habilitado.*
17. *Non está permitido o uso de pañais, por criterios hixiénicos, dado que o seu uso non elimina, senon que enmascara a fonte de contaminación bacteriana.*
18. *Para o acceso aos baños e vestiarios deberá respectarse **SEMPRE** o límite de aforo permitido.*



19. Prohibido tomar **fotografías ou secuencias videográficas** de outros usuarios sen un consentimento expreso.
20. Recomendase o uso de **gafas específicas de natación**.
21. A instalación permanecerá pechada sempre que as condicións metereolóxicas impidan ou dificulten o seu uso.
22. A dirección reserva o dereito a aplicar calquera outra normativa que considere oportuna, en beneficio do bo uso e sostenibilidade das instalacións.

Normas sanitarias:

A crise sanitaria provocada polo COVID-19 supón a necesidade de adaptar as actividades extremando as precaucións e normas hixiénico - sanitarias establecidas polas autoridades competentes, prestando especial atención a:

- *Distanciamento social.*
- *Desinfección de mans.*
- *Dotar os espazos onde se desenvolvan as actividades das pertinentes medidas hixiénicas (dispensadores de xel, papeleiras de pedal, carteis informativos...)*

Coa finalidade de adaptar a actividade de piscina a nova normalidade vémonos na obriga de modificar a súa dinámica tradicional polo que:

- *O aforo total da instalación será de 102 persoas, quedando o aforo do vaso grande en 84 persoas e o do vaso pequeno en 18 persoas (50% do aforo normal permitido).*
- *Obrigatorio o uso de máscara, aínda que non será preciso o seu uso, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes.*
- *En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos nas piscinas, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas.*
- *A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de 15 persoas por grupo.*
- *Ante calquera síntoma compatible co COVID-19 será necesario abandonar a instalación.*
- *Prohibido realizar actos que perturben, molesten ou poñan en perigo a outros usuarios, dificulten ou obstaculicen o desenrolo da actividade, supoñan dano material para a instalación ou afecten a hixiene en xeral.*
- *Para o acceso a baños e vestiarios deberá respectarse SEMPRE o límite de aforo permitido. 3 persoas por vestiario.*
- *Non se emprestará material auxiliar e so se permitirá o uso persoal de material de flotación naqueles casos estritamente necesarios.*
- *Recomendase o uso de gafas.*
- *A dirección reserva o dereito a aplicar calquera outra normativa que considere oportuna, en beneficio do bo uso e sostibilidade da instalación.*
- *Asinar a admisión de risco e exención de responsabilidade en relación co COVID-19.*
- *Unha vez superado o aforo, non se permite o acceso á instalación.*



7. Apertura e horaio

A apertura da instalación será o día 28 de xuño de 2021, con horario de luns a venres de 15:00 a 19:00 horas e en fin de semana de 12:00 a 19:00 horas.

8. Taxas

Segundo a Ordenanza Fiscal número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos de piscina municipal e escolas deportivas, quedarían da seguinte forma:

TAXAS	ADULTOS	MENORES 14 ANOS
CARNET		MAIORES 65 ANOS
	15,00 €/mes	6,00 €/mes
Será necesario o xustificante de pago para a formalización da inscrición.		
TAXAS	ADULTOS	MENORES 14 ANOS
ENTRADA		MAIORES 65 ANOS
	2,00 €/día	1€/día

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura da piscina o día 28 de xuño de 2021, nos seguintes horarios:

Horario de luns a venres de 15:00 a 19:00 horas e en fin de semana de 12:00 a 19:00 horas.

TERCEIRO: Dar coñecemento das taxas establecidas de uso da instalación.

CUARTO: Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso.

Igualmente advírteselle a posibilidade de interposición de calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

QUINTO: Dar conta ao pleno na vindeira sesión que se celebre.

O Alcalde

(asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Juan Calos García Pose

Dou fe, sa secretaria municipal

(asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a Elena González López